

CERTIFICADO

Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense
CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria realizada o día 29 de maio de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Modificación das bases 9ª e 10ª do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2020

1.- Aprobar inicialmente a modificación das bases 9ª e 10ª do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2020, que pasarían a ter a seguinte redacción:

9ª) Réxime especial para os concellos a causa da pandemia de COVID-19.

Os concellos da provincia, coa excepción daqueles que á data da aprobación desta modificación teñan adxudicados –por si ou mediante o servizo de contratación da Deputación- contratos para a execución ou a dirección facultativa dos investimentos incluídos no plan provincial, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 51.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 2 de decembro de 2020

mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán a causa da pandemia de COVID-19.

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.

2º.- Someter a dita aprobación ao trámite de información pública, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, polo prazo de dez (10) días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense na data da sinatura electrónica deste documento.

